

A portrait of Vladimir Ilyich Lenin, showing him from the chest up. He has long, wavy white hair and a full, thick white beard and mustache. He is wearing a dark suit jacket over a white shirt and a dark tie. The background is a soft, out-of-focus mix of green and blue. The lighting is somewhat dramatic, highlighting the texture of his hair and beard.

Claudio Katz  
V.I. Lenin

**VIXENCIA DO  
PENSAMENTO MARXISTA**



**Autor:** Claudio Katz e V.I. Lenin

**Edición galega:** FUNDACIÓN MONCHO REBOIRAS (FESGA)

**ISBN:** 978-84-09-03736-0

**DL:** C-1306-218

**Edición:** Xullo 2018

**Tradución:** Rafa Vilar

**Deseño e maquetación:** Graciela Alba Burgos

**Impresión:** Sacauntos, S.Coop.Galega.

# **Vixencia do pensamento marxista**



**Claudio Katz  
V.I. Lenin**



<b>Limiar</b> .....	9
Manuel Mera (Director da <i>Fundación Moncho Reboiras</i> ) .....	
<b>A RELEVANCIA CONTEMPORÁNEA DE MARX</b>	
por <i>Claudio Katz</i> .....	15
BIOGRAFÍA Claudio Katz .....	16
<b>A relevancia contemporánea de Marx</b> .....	17
REFUTACIÓNS ERRADAS .....	18
PLUSVALÍA E SUPEREXPLOTADOS .....	19
DESIGUALDADE E ACUMULACIÓN .....	20
DESEMPREGO E INNOVACIÓN .....	22
MULTIPLICIDADE DE CRISES .....	24
FINANZAS E PRODUCCIÓN .....	25
ECONOMÍA MUNDIAL E NACIONAL .....	27
POLARIDADES CON NOVO RAZOAMENTO .....	28
ANTICIPOS DE ANTIIMPERIALISMO .....	30
ADVERSIDADES E IDEOLOXÍA .....	31
PROXECTO SOCIALISTA .....	32
ACTITUDES E COMPROMISOS .....	33
BIBLIOGRAFÍA BÁSICA .....	34
<b>KARL MARX</b>	
<b>BREVE ESBOZO BIOGRÁFICO, CUNHA EXPOSICIÓN DO MARXISMO</b>	
por <i>V.I. Lenin</i> .....	37
BIOGRAFÍA <i>V.I. Lenin</i> .....	38
<b>Breve esbozo biográfico, cunha exposición do marxismo</b> .....	39
A DOCTRINA DE MARX .....	42
O materialismo filosófico .....	42
A Dialéctica .....	44
A concepción materialista da Historia .....	46
A loita de clases .....	48
A DOCTRINA ECONÓMICA DE MARX .....	49
O valor .....	50
A plusvalía .....	51
O SOCIALISMO .....	58
TÁCTICA DA LOITA DE CLASE DO PROLETARIADO .....	61

A RELEVANCIA  
CONTEMPORÁNEA  
DE MARX

por *Claudio Katz*



Claudio Katz

## BIOGRAFÍA

---

Claudio Katz, economista, é un dos referentes máis destacados da teoría marxista da dependencia na América Latina. Nado en Arxentina en 1954. Na actualidade é profesor asociado regular na cátedra “Economía para historia-dores” da Facultade de Filosofía e Letras e en “Economía II” da Facultade de Ciencias Sociais da Universidade de Bos Aires.

Coordinou grupos de traballo na CLACSO e é integrante do Instituto de Investigacións Económicas de Arxentina. Participa activamente en foros sociais internacionais de rexeitamento do neoliberalismo, do libre comercio, do endebedamento extremo e da militarización. Colaborador de medios en Arxentina, Brasil, México e países europeos. Recibiu tres mencións honoríficas do “Premio Libertador al Pensamiento Crítico” polos seus libros *Bajo el Imperio del Capital* (2011), *Las disyuntivas de la izquierda en América Latina* (2008) e o *El porvenir del socialismo* (2004). Ten realizado múltiples análises sobre a Teoría da Dependencia, dende a óptica marxista.

Outras publicacións destacadas:

- *Economía latinoamericana: de la década perdida a la nueva crisis* (1992)
- *Comunismo, socialismo y transición: metas y fundamentos* (2004)
- *La economía marxista, hoy. Seis debates teóricos* (2009)



**A** conmemoración do 150 aniversario d'O *Capital* reavivou o debate sobre as achegas legadas por Marx á comprensión da sociedade actual. O texto continúa suscitando apaixonadas adhesións e fanáticos rexeitamentos, mais xa non exerce a enorme influencia que tivo nos anos 60 e 70. Tampouco padece o esquecemento que acompañou a caída da Unión Soviética. Ningún investigador de peso ignora actualmente o significado do libro e as relecturas traspasan a academia e inflúen sobre numerosos pensadores.

O interese por Marx verificase entre os economistas que salientan a súa anticipación da mundialización. Outros descubren unha precoz interpretación da degradación do ambiente e vinculan a ausencia de solucións á desfeita ecolóxica coa crise civilizatoria que previu o teórico xermano.

A súa obra é retomada con maior frecuencia para caracterizar a etapa neoliberal. Varios autores estudan as semellanzas dese esquema co “capitalismo puro” e desregulado que prevalecía na época de Marx.

Nun período de privatizacións, apertura comercial e flexibilización laboral enxérganse trazos do sistema que permaneceron agochados durante a fase keynesiana. Os diagnósticos do pensador alemán recuperan nitidez no século XXI.

A gran crise que estourou no 2008 resituou *O Capital* nun lugar preponderante da literatura económica. Ese esfarelamento financeiro non só desembocou nunha abraiante recesión. Levou ademais a unha expansión inédita do gasto público para rescatar os bancos.

Marx recobra importancia neste escenario de fondos desequilibrios capitalistas. Por esta razón as súas explicacións do funcionamento e a crise do sistema son revisadas con grande atención.

Algúns analistas igualmente estiman que as súas respostas perderon actualidade ao cabo de 150 anos. É evidente que o réxime vixente é moi distinto ao imperante no período que coñeceu o escritor alemán. A constatación destas diferenzas contribúe a evitar procuras dogmáticas do “xa dito por Marx” sobre acontecementos que o sucederon.

Pero cómpre tamén lembrarmos que o estudoso alemán investigou o mesmo modo de produción que opera na actualidade. Ese réxime continúa regulado polas mesmas leis e suxeito aos mesmos principios. Todas as denominacións que agochan esa persistencia (economía a secas, mercado, modernidade, postindustrialismo) obstrúen a comprensión do capitalismo da nosa era.

A obra de Marx manterá o seu interese mentres subsista unha estrutura económico-social gobernada pola competencia, o beneficio e a explotación. Pero cales son os trazos máis pertinentes da súa teoría para clarificar o modelo neoliberal actual?

## REFUTACIÓNS ERRADAS

Marx captou a especificidade do capitalismo corrixindo as inconsistencias dos seus antecesores da economía política clásica. Mantivo o estudo totalizador da economía que abordaron Smith e Ricardo superando as inxenuidades da “man invisíbel”. Ao descubrir os atrancos que afronta o capitalismo, revolucionou o estudo dese modo de produción.

O autor d’O *Capital* comprendeu que esas tensións son inherentes ao sistema. Sinalou que os desequilibrios non proveñen do comportamento ou a irracionalidade dos individuos, nin obedecen á inadecuación das institucións.

Marx propugnou que o capitalismo está corroído por contradicións singulares e distintas ás pravalescentes en réximes anteriores. Esa comprensión permitiulle transformar as críticas intuitivas nunha impugnación coherente do capitalismo.

A ortodoxia neoclásica intentou refutar as súas formulacións con auténticos panexíricos do sistema. Concibiu insostíbeis fantasías de mercados perfectos, consumidores racionais e efectos benévolos do investimento. Recorreu a un cúmulo de mitos inverosímiles que contrastan coas aproximacións realistas asumidas por Marx.

Os precursores do neoliberalismo non lograron desmentir o carácter intrínseco dos desequilibrios capitalistas. Ensaiaaron unha presentación forzada desas tensións como resultado de inxerencias estatais, sen explicar por que razón o propio sistema xera tantos desaxustes.

Os criterios neoclásicos de maximización —complementados coas sofisticadas formalizacións para seleccionar alternativas— ignoran a lóxica xeral da economía. Reducen o estudo desa disciplina a un simple adestramento en exercicios de optimización.

O predicamento actual dese enfoque non provén polo tanto da súa solidez teórica. É apontoado polas clases dominantes para propagar xustificacións dos atropelos aos asalariados. Instrumentalizan esas agresións alegando esixencias naturais da economía. Subliñan, por exemplo, a imposibilidade de satisfacer as demandas populares por mor das restricións derivadas da escaseza. Mais omiten o carácter relativo desas limitacións presentándoas como datos atemporais ou invariábeis.

A hostilidade dos neoclásicos cara a Marx contrasta co recoñecemento exhibido polo groso da heterodoxia. Algúns autores desa vertente buscaron

mesmo a integración da economía marxista, nun campo común de opoñedores á teoría neoclásica. Esa pretensión ilustra áreas de afinidade, mais esquece que a concepción forxada a partir d'O *Capital* conforma un corpo contraposto á herdanza de Keynes.

A principal diferenza entrambas as visións radica na valoración do capitalismo. A heterodoxia acepta o carácter conflitivo do sistema, mais considera que esas tensións poden resolverse mediante unha acaída acción estatal.

Marx propugnou, en troca, que esa intervención só pospón (e finalmente agrava) os desequilibrios que pretende resolver. Con esa constatación puxo os alicerces dunha tese de gran actualidade: a imposibilidade de forxar modelos de capitalismo humano, redistributivo ou regulado. Esta formulación ordena todo o pensamento marxista contemporáneo.

## PLUSVALÍA E SUPEREXPLOTADOS

Marx realizou observacións substanciais para entender a deterioración actual do salario. O modelo neoliberal xeneralizou esa retracción ao intensificar a competencia internacional. A apertura comercial, a presión por menores custos e o imperio da competitividade son utilizados para minguar os ingresos populares en todos os países. Os patróns recorren a unha chantaxe de relocalización de centros de traballo -ou a desprazamentos efectivos da industria a Oriente- para abaratar a forza de traballo.

Ese atropelo obedece ás crecentes taxas de explotación que esixe a acumulación. Marx esclareceu a lóxica desta presión ao distinguir o traballo da forza de traballo, ao separar os labores necesarios dos excedentes e ao sinalar que porción da xornada laboral remunera efectivamente o dono da empresa.

Con esa conclusión deu conta de como opera a apropiación patronal do traballo alleo. Sinalou que esa confiscación queda enmascarada pola nova coerción económica que impera baixo o capitalismo. A diferenza do escravo ou o vasalo o asalariado é formalmente libre, mais está sometido ás regras de supervivencia que impoñen os seus opresores.

Marx fundamentou esta análise na súa descuberta da plusvalía. Demostrou que a explotación é unha necesidade do sistema. Mais tamén remarcou

que a caída do salario é un proceso periódico e variábel. Salióntou que depende de procesos obxectivos (produtividades, base demográfica), conxunturais (ciclo de prosperidade ou recesión) e subxectivos (intensidade e desenlace da loita de clases).

---

*O asalariado é formalmente libre, mais está sometido ás regras de supervivencia que impoñen os seus opresores.*

*Marx fundamentou esta análise na súa descuberta da plusvalía.*

---

Esta caracterización permite entender que o pano de fondo do atropelo neoliberal en curso é unha xeneralizada compulsión capitalista a elevar a taxa de plusvalía. Indica tamén que a intensidade e o alcance desta agresión están determinadas polas condicións económicas, sociais e políticas vixentes en cada país.

A teoría do salario de Marx sitúase nas antípodas das falacias neoclásicas de retribución ao esforzo do traballador. Tamén rexeita a inxenuidade heterodoxa de melloras invariabelmente acordes á redistribución do ingreso.

Mais é un enfoque afastado de calquera postulado de “miseria crecente”. O teórico alemán nunca prognosticou o inexorábel empobrecemento de todos os asalariados baixo o capitalismo. A significativa mellora do nivel de vida popular durante a posguerra corroborou esas prevencións.

Na etapa neoliberal o salario volve caer pola necesidade cíclica que afronta o capitalismo de acrecentar a taxa de plusvalía, mediante recortes ás remuneracións dos traballadores.

Marx propugnou ademais un segundo tipo de caracterizacións referidas aos desocupados da súa época, que ten especial interese para a actual comprensión da exclusión. Este flaxelo obedece presións da acumulación semellantes ás estudadas polo pensador alemán, na súa avaliación de situacións de pauperización absoluta.

O intelectual xermano quedou moi abraído polas terribéis consecuencias do desemprego estrutural. Ilustrou con sobrecolledoras denuncias as condicións inhumanas de supervivencia afrontadas polos empobrecidos. Eses retratos volven cobrar actualidade nos escenarios de perda definitiva do emprego e conseguinte degradación social. O que Marx estudou na súa descrición do “leprosario da clase obreira”, reaparece hoxe no drama dos sectores agoniados pola traxedia da subsistencia.

O neoliberalismo estendeu a pauperización a gran parte dos traballadores informais ou flexibilizados. Eses segmentos aturan non só situacións de suxeición laboral extrema, taylorización ou descualificación, senón tamén remuneracións do salario por baixo do valor da forza de traballo.

Nas últimas décadas ese tormento non impera só na periferia. A precarización estendeuse a todos os recunchos do planeta e verificase nos centros. O nivel dos salarios continúa diferindo de forma significativa entre os distintos países, mais a explotación redobrada dáse en numerosas rexións. É un padecemento agudo no centro e dramático na periferia. O que Marx observaba nos desocupados da súa época golpea tamén na actualidade a gran parte dos precarizados de todas as latitudes.

## **DESIGUALDADE E ACUMULACIÓN**

As ideas que expuxo o autor d'O *Capital* permiten interpretar o rebento de desigualdade que recentemente mediu Piketty. Os datos son abraiante.

Un grupello de 62 adifeirados manexa o mesmo montante de recursos que 3.600 millóns de individuos. Mentres se esfarela a seguridade social e se espalla a pobreza, os ricos deixan de financiar os sistemas de previsión, agochando as súas fortunas en paraísos fiscais.

A desigualdade non é o fenómeno pasaxeiro que describen os teóricos ortodoxos. Os expoñentes máis realistas (ou cínicos) desa corrente explicitan a conveniencia da falta de equidade para reforzar a submisión dos asalariados.

A fractura social actual é frecuentemente atribuída á preeminencia de modelos económicos regresivos. Mais Marx demostrou que a desigualdade é inherente ao capitalismo. Baixo este sistema as diferenzas de ingresos varían en cada etapa, difiren significativamente entre países e están condicionadas polas conquistas populares ou a correlación de forza entre opresores e oprimidos. Mais en todos os casos o capitalismo tende a recrear e alargar as fendas sociais.

Marx atribuíu esa reprodución da desigualdade á dinámica dun sistema asentado en ganancias derivadas da plusvalía extraída aos traballadores. O *Capital* subliña ese trazo en polémica con outras interpretacións do beneficio, centradas na habelencia do comerciante. Tamén obxecta as caracterizacións que subliñan retribucións á contribución do empresario, sen especificar en que consisten eses contributos.

Os neoclásicos nunca lograron refutar estas formulacións, coa súa presentación da ganancia como un premio á abstención do consumo ou ao aforro individual. Máis insatisfactorias foron as súas caracterizacións de retribucións a un inanimado “factor capital” ou a pagamentos de funcións xerenciais desligadas da propiedade da empresa.

Desacertos parecidos cometeron os keynesianos, ao interpretaren o lucro como unha contraprestación ao risco ou á innovación. Os pensadores máis contemporáneos desa escola optaron por evitar calquera referencia á orixe do beneficio.

Outros teóricos recoñecen a falta de equidade do sistema, mais reducen a orixe da desigualdade a anomalías na

distribución do ingreso, derivadas de favoritismos ou políticas erróneas. Nunca conectan eses procesos coa dinámica obxectiva do capitalismo.

As caracterizacións convencionais da ganancia son máis insostíbeis no século XXI que na época de Marx. Ninguén pode explicar con criterios normais a colosal fortuna acumulada polo 1% de billonarios globais. Eses lucros están máis naturalizados que no pasado sen xustificacións de ningunha índole.

As críticas en voga ao enriquecemento cuestionan como máximo as escandalosas ganancias dos banqueiros. Ponderan, en troca, os beneficios xurdidos da produción, sen avaliar as conexións entrambas as formas de rendibilidade.

A relectura d’O *Capital* permite lembrar que a tallada obtida polos banqueiros, constitúe apenas unha porción da masa total de beneficios creada coa explotación dos traballadores.

---

*Marx atribuíu esa reprodución da desigualdade á dinámica dun sistema asentado en ganancias derivadas da plusvalía extraída aos traballadores.*

---

Marx analizou tamén as formas violentas que en certas circunstancias asume a consecución de beneficios. Avaliou esa tendencia en estudos da acumulación primitiva, que foron actualizados polos teóricos da acumulación por desposesión (Harvey).

N'O *Capital* estudou as formas coercitivas que presentou a apropiación de recursos na xénese de capitalismo. Mais o sistema continuou recreando esas exaccións en distintas situacións do século e medio posterior. As guerras de Oriente Medio, os saqueos de África ou as expropiacións de campesiños en Asia ilustran modalidades recentes desa succión.

Marx inaugurou os estudos de formas excepcionais de confiscación do traballo alleo. Esa investigación sentou as bases para clarificar a dinámica contemporánea da inflación e a deflación.

Do mesmo xeito que os seus precursores clásicos Marx propugnou unha determinación obxectiva dos prezos en función do seu valor. Precisou que esa magnitude queda establecida polo tempo de traballo socialmente necesario para a produción dos bens, en convulsivos procesos de extracción de plusvalía e realización do valor.

Esa caracterización non só permite refutar a inxenua presentación neoclásica dos prezos como reflexos da utilidade persoal, ou como espontáneos emerxentes da oferta e a demanda. Tamén desmonta a absurda imaxe do capitalista, como vítima de escaladas inflacionarias ou deflacionarias alleas á súa conduta.

Nas conxunturas críticas, a determinación turbulenta dos prezos xera beneficios extraordinarios aos grandes patróns por medio de importantes desvalorizacións do salario. Eses mecanismos operan na actualidade, coa mesma intensidade que as expropiacións virulentas da época de Marx.

O *Capital* facilitou a identificación posterior de quen son os artifices e beneficiarios do nivel que asumen os prezos. Esa caracterización non se limita a retratar situacións de “loita distributiva”. Subliña a desigualdade de condicións en que se produce a disputa dos traballadores cos seus patróns e salienta a conseguinte dominación que exercen os formadores de prezos.

## **DESEMPREGO E INNOVACIÓN**

A masificación actual do desemprego constitúe outra razón para reler a Marx. Algúns pensadores neoclásicos asumen esa desfeita como un simple dato. Outros difunden consolos sobre a futura potencialidade dos servizos, para compensar a caída do emprego industrial. Esas previsións non se corroboran en ningún país.

Moitos analistas afirman que a educación resolverá o problema. Pero esquecen mencionar o crecente número de desocupados con títulos universitarios. A destrución de postos de traballo xa afecta fundamentalmente aos segmentos máis cualificados.

Distintas medicións comezaron a constatar que no modelo actual o desemprego non se reduce nas fases expansivas, en proporción equivalente ao seu incremento nos períodos recesivos. Este flaxelo acrecéntase coa rotación acelerada do capital e a redución vertixinosa dos gastos administrativos.

A revolución dixital é invariabelmente mencionada como a principal causa desta crecente perda de postos de traballo. Mais os ordenadores son culpabilizados omitindo quen define a súa utilización. Esquécese que eses instrumentos nunca actúan por si mesmos. Son xestionados por capitalistas que alargan os seus beneficios substituíndo man de obra. A informática e a automatización non destrúen espontaneamente o emprego. A rendibilidade empresarial provoca esa demolición.

O *Capital* introduciu os principais fundamentos desta caracterización do cambio tecnolóxico. Marx afirmou que as innovacións son incorporadas para incrementar a taxa de explotación que nutre o beneficio patronal.

---

*Hai unha década e media as firmas con maiores custas financeiras eran petroleiras, industriais ou automotrices. Actualmente son Google, Amazon, Facebook ou Twitter.*

---

A revolución informática en curso axústase plenamente a ese postulado. É un recurso utilizado polas grandes empresas para potenciar a captura do novo valor xerado polos asalariados.

Tal como ocorreu no pasado co vapor, o ferrocarril, a electricidade ou os plásticos, a dixitalización introduce transformacións radicais na actividade produtiva, comercial e financeira. Abarata o transporte e as comunicacións e modifica por completo os procedementos de fabricación ou venda das mercadorías.

Un indicio desa mutación é a influencia alcanzada polos “señores das nubes”. Sete das dez empresas con maior capitalización bolsista actual pertencen ao sector de novas tecnoloxías da información. Hai unha década e media as firmas con maiores custas financeiras eran petroleiras, industriais ou automotrices. Actualmente son Google, Amazon, Facebook ou Twitter.

Esta irrupción xera presaxios venturosos entre os pensadores que ocultan as consecuencias da xestión capitalista da informática. Omiten, por exemplo, que a masificación da comunicación dixital reforzou a privatización do espazo virtual. Ese ámbito é controlado por poucas empresas privadas estreitamente asociadas co Pentágono. O *Capital* permite entender os determinantes capitalistas deste perfil da innovación.

Marx iniciou a investigación da tecnoloxía como un fenómeno social, abrindo un camiño de estudos que floreceu nas últimas décadas. Mais a diferenza dos teóricos evolucionistas ou schumpeterianos demostrou que o cambio tecnolóxico desestabiliza a acumulación e potencia a crise.

A innovación guiada por principios de lucro impón unha descarnada competencia que multiplica a sobreproducción. Induce ademais a xerarquizarse o desenvolvemento de ramas tan destrutivas como a industria militar.

Marx explicou por que razón o sistema actual impide unha xestión social proveitosa das novas tecnoloxías. Sinalou que esa xestión requiriría introducir

critérios cooperativos opostos aos principios de rendibilidade. As potencialidades da informatización como instrumento de benestar e solidariedade só emerxerán nunha sociedade emancipada do capitalismo.

## MULTIPLICIDADE DE CRISES

Actualmente Marx suscita especial interese polos criterios que empregou para interpretar as crises. O neoliberalismo non só xera crecentes sufrimentos populares. Cada quinquenio ou decenio desencadea convulsións que conmocionan a economía mundial. Eses rebentos levan a estudar *O Capital*.

As crises do último período incluíron a burbulla xaponesa (1993), a eclosión do Sueste Asiático (1997), a caída de Rusia (1998), a caída das Punto. Com (2000) e a desfeita de Arxentina (2001). Mais a magnitude e o alcance xeográfico do tremor global do 2008 superaron amplamente eses antecedentes. O seu impacto obrigou a revisar todas as teorías económicas.

As crises recentes son efectos directos da nova etapa de privatizacións, apertura comercial e flexibilidade laboral. Non son prolongacións de tensións non resoltas dos anos 70. Emerxeron á calor dos desequilibrios peculiares do neoliberalismo.

Ese modelo erosionou os diques que contiñan os desaxustes do sistema. Por esa razón o capitalismo actual opera con graos de inestabilidade moi superiores ao pasado.

Os neoclásicos atribuíron a crise do 2008 a desacertos dos gobernos ou irresponsabilidades dos debedores. Reduciron todos os problemas a comportamentos individuais, culpabilizaron as vítimas e protexeron os responsábeis. Xustificaron ademais os rescates estatais aos bancos, sen consideraren que esas axudas contradín todos os seu discursos en prol da competencia e o risco.

Os heterodoxos explicaron as mesmas convulsións polo descontrol do risco. Esqueceron que esas supervisións son periodicamente socavadas polas rivalidades entre empresas ou bancos. As normas que protexen os negocios das clases dominantes son quebrantadas pola propia continuidade da acumulación.

A relectura d' *O Capital* permite superar esas inconsistencias da economía convencional. Induce a investigar a orixe sistémica deses estouridos. Ofrece pistas para pescudar os diversos mecanismos da crise, recordando que o capitalismo despreza unha ampla gama de contradicións.

O alicerce común deses desequilibrios é a xeración periódica de excedentes invendíbeis. Mais esa sobreprodución desenvólvese por varios carrís complementarios.

Marx salientou a existencia de tensións entre a produción e o consumo, derivadas da estratificación de clase da sociedade. Esta caracterización ten gran aplicación no escenario de fondos problemas de realización do valor das mercadorías, que xerou o neoliberalismo.



Ese modelo propicia unha ampliación dos consumos sen permitir o seu goce. Expande a produción minguando os ingresos populares e conduce a crises derivadas da deterioración do poder adquisitivo. O enorme aumento do endebedamento familiar non atenúa a vulnerabilidade da demanda.

Marx foi o primeiro en esclarecer como a competencia obriga os empresarios a desenvolveren dúas tendencias opostas. Por unha banda, amplían as vendas e, por outra banda, reducen os custos salariais. Esa contradición presenta magnitudes e localizacións moi distintas en cada época.

O neoliberalismo estimula na actualidade o consumismo e a riqueza patrimonial financiada con endebedamento nas economías centrais. Ao mesmo tempo impón brutais retraccións do poder de compra na periferia.

---

*O neoliberalismo incrementou a taxa de plusvalía, reduciu os salarios e abaratóu os insumos para contrarrestar o declive do nivel de rendibilidade.*

---

O *Capital* tamén pon o acento nos problemas de valorización. Estuda como opera a tendencia decrecente da taxa de ganancia. Demostra que o aumento do investimento produce un devalo porcentual do beneficio, compasado coa propia expansión da acumulación. O traballo vivo que nutre a plusvalía decae proporcionalmente, co incremento da produtividade que impón a competencia.

Marx puxo de manifesto que as crises xorden do crecemento capitalista. Non son efectos ocasionais da dilapidación ou do uso inadecuado dos recursos. Explicou, ademais, como o sistema fai contrapeso primeiro e agrava despois a caída periódica da taxa de beneficio.

Esta tese permite entender de que xeito o neoliberalismo incrementou a taxa de plusvalía, reduciu os salarios e abaratóu os insumos para contrarrestar o declive do nivel de rendibilidade. Tamén esclarece como o mesmo problema reaparece ao final desa cirurxía. A contradición descuberta por Marx verificase actualmente nas economías máis capitalizadas que padecen desaxustes de sobreinvestimento.

A presentación marxista combinada dos desequilibrios de realización e valorización é moi pertinente para comprender a heteroxeneidade da mundialización neoliberal. Indica que contradicións de ambos os tipos irrompen nos distintos polos dese modelo e socavan a súa estabilidade desde lados complementarios.

## **FINANZAS E PRODUCCIÓN**

Marx sempre subliñou os determinantes produtivos das crises capitalistas. No marco das enormes transformacións xeradas pola globalización, ese elemento permite evitar lecturas simplistas en chave puramente financeira.

Os grandes capitais desprázanse actualmente dunha actividade especulativa a outra, en escenarios altamente desregulados que acrecentan as

explosións de liquidez. A xestión accionaria das empresas potencia ademais os desaxustes de crédito, a inestabilidade cambiaria e a volatilidade bolsista.

Ese proceso multiplica as tensións xeradas polos novos mecanismos de titularización, derivados e apañamentos financeiros. É evidente que o neoliberalismo abriu as comportas para un gran festival de especulación.

Pero hai 150 anos Marx demostrou que esas tolas apostas son propias do capitalismo. A especulación é unha actividade constitutiva e non opcional do sistema. Alcanzou dimensións maiúsculas nas últimas tres décadas, mais non constitúe un trazo exclusivo do modelo actual.

Esta precisión permite observar as conexións entre desequilibrios financeiros e produtivos que sinala *O Capital*. Marx describiu as tensións autónomas da primeira esfera, mais salientou que en última instancia derivan de transformacións habidas no segundo ámbito.

Seguindo esta pista pódese ver que a hexemonía actual das finanzas constitúe só un aspecto da reestruturación en curso. Non é un dato estrutural do capitalismo contemporáneo. A clase dominante utiliza o instrumento financeiro para recompoñer a taxa de ganancia mediante maiores cobros de plusvalía.

A globalización financeira está unida ademais ao avance da internacionalización produtiva. A multiplicidade de títulos en circulación é funcional a unha xestión máis complexa do risco. Permite administrar actividades fabrís ou comerciais mundializadas e suxeitas a inesperados vaivéns dos mercados.

Tamén a expansión do capital ficticio está vinculada a eses condicionantes e evoluciona en concordancia cos movementos do capital-diñeiro. Aprovisiona a produción e media na circulación das mercadorías.

Estas conexións explican a persistencia da globalización financeira despois da crise do 2008. Os capitais continúan fluíndo dun país a outro coa mesma velocidade e liberdade de circulación, para engraxar o funcionamento de estruturas capitalistas máis internacionalizadas.

É certo que todos os intentos de reintroducir controis aos bancos erraron pola resistencia que opuxeron financiadores. Mais esa capacidade de veto é ilustrativa do entrelazamento do mundo do diñeiro co universo produtivo. Son dúas facetas dun mesmo proceso de internacionalización.

*O Capital* fornece numerosas observacións da dinámica financeira que explican eses vínculos, a partir dunha interpretación moi orixinal da lóxica do diñeiro. Destaca o insubstituíbel papel da moeda na mediación de todo o proceso de reprodución do capital. Salienta que as distintas funcións do diñeiro na circulación, o acaparamento ou o despregamento dos medios de pagamento están suxeitos á mesma lóxica obxectiva, que regula todo o desenvolvemento das mercadorías.

Ese papel presentou modalidades moi distintas nos diversos réximes de regulación monetaria. O patrón ouro do século XIX diverxe significativamente das paridades actualmente administradas polos bancos centrais. Mais en todos os casos rexe un curso determinado pola dinámica da acumulación, a competencia e a plusvalía.

O *Capital* contribúe a lembrar estes fundamentos non só en contraposición aos mitos ortodoxos de transparencia mercantil, asignación óptima dos recursos ou vixencia de moedas esóxenas, neutrais e pasivas.

Tamén pon de relevo as inxenuidades heterodoxas. Marx non presentou a moeda como unha simple representación simbólica, un mecanismo convencional ou un instrumento adaptado ao marco institucional. Explicou o seu papel necesario e peculiar na metamorfose que o capital desenvolve, para consumir a súa pasaxe polos circuitos comerciais, produtivos e financeiros.

## ECONOMÍA MUNDIAL E NACIONAL

A centralidade que ten *O Capital* para comprender a dinámica contemporánea dos salarios, a desigualdade, o desemprego ou a crise debería conducir a unha revisión xeral das súas achegas á teoría económica. Resultaría moi oportuno actualizar, por exemplo, o estudo das controversias suscitadas por ese libro que realizou Mandel, no centenario da primeira edición.

A obra do pensador alemán non só esclarece o sentido das categorías básicas da economía. Tamén suxire liñas de investigación para comprender a mundialización en curso. Marx nunca chegou a escribir o tomo que preparaba sobre a economía internacional, mais esbozou ideas chave para entender a lóxica globalizadora do sistema.

Eses principios son moi relevantes no século XXI. O capitalismo funciona na actualidade ao servizo de xigantescas empresas transnacionais, que dan corpo ao salto rexistrado na internacionalización. A produción de Wal-Mart é maior que as vendas dun centenar de países, a dimensión económica de Mitsubishi supera o nivel de actividade de Indonesia e General Motors supera a escala de Dinamarca.

As firmas globalizadas diversificaron os seus procesos de fabricación en cadeas de valor e mercadorías “feitas no mundo”. Desenvolven todos os seus proxectos produtivos, en función das vantaxes que ofrece cada localidade en materia de salarios, subsidios ou dispoñibilidade de recursos.

A expansión dos tratados de libre comercio adáptase a esa mutación. As compañías necesitan baixos aranceis e liberdade de movementos, para concretaren transaccións entre as súas firmas asociadas. Por iso impoñen convenios que consagran a supremacía das empresas en calquera litixio xudicial. Eses preitos son decisivos en certas áreas como a xenética, a saúde ou o ambiente.

Unha relectura d’*O Capital* permite superar dous erros moi correntes na interpretación da internacionalización en curso. Un equívoco supón que o capitalismo actual se move cos mesmos patróns de preeminencia nacional que

*O capitalismo funciona na actualidade ao servizo de xigantescas empresas transnacionais, que dan corpo ao salto rexistrado na internacionalización.*

rexían nos séculos XIX ou XX. O desacerto oposto considera que o sistema se globalizou por completo, eliminando as barreiras nacionais, disolvendo o papel dos estados e forxando clases dominantes totalmente transnacionalizadas.

Marx escribiu a súa principal obra nunha etapa de formación do capitalismo moi distinta ao contexto actual. Pero conceptualizou atinadamente como operan as tendencias cara á mundialización no marco dos estados e as economías nacionais. Mudou a proporción e relevancia comparativa desa mestura, mais non a vixencia desa combinación.

O *Capital* mellorou as ideas expostas no Manifesto Comunista sobre o carácter internacional da expansión burguesa. No primeiro ensaio Marx retratara a xestación dun mercado mundial, o dinamismo do cosmopolitismo económico e a veloz universalización das regras mercantís. No seu libro de madurez precisou as formas que asumían esas tendencias e salientou a súa ligazón cos mecanismos nacionais do ciclo e a acumulación.

Marx axustou a súa ollada da internacionalización pondo obxeccións ás teses ricardianas das “vantaxes comparativas”. Salientou o carácter estrutural da desigualdade imperante no comercio internacional. Por iso rexeitou todas as expectativas de converxencia harmoniosa entre países e as visións de adaptación natural ás aptitudes dos concorrentes.

Esta focaxe permitiulle apreciar a vixencia de remuneracións internacionais máis elevadas para os traballos de maior produtividade. No comezo do capitalismo Marx percibiu algúns fundamentos de explicacións posteriores da fenda nos termos de intercambio.

O teórico alemán tamén observou a secuela de desaxustes xerados polo desbordamento capitalista das fronteiras nacionais. Constatou como ese proceso provoca crecentes fracturas a escala global.

Mais O *Capital* estudou esa dinámica en escenarios nacionais moi específicos. Pescudou a evolución dos salarios, os prezos ou o investimento en economías particulares. Detallou puntualmente esa dinámica no desenvolvemento industrial de Inglaterra.

A lectura de Marx convida, polo tanto, a avaliar a mundialización actual como un curso preeminente, que coexiste co continuado desenvolvemento nacional da acumulación. Suxire que ambos os procesos operan de xeito simultáneo.

## **POLARIDADES CON NOVO RAZOAMENTO**

O *Capital* é moi útil tamén para analizar a lóxica da relación centro-periferia subxacente na fenda global actual. Marx anticipou certas ideas sobre esa división, nas súas observacións sobre desenvolvemento xeral do capitalismo.

Ao primeiro, supoñía que os países atrasados repetirían a industrialización de Occidente. Pensaba que o capitalismo se espallaba demolendo murallas e creando un sistema mundial interdependente.

Formulou esa visión no *Manifesto Comunista*. Aí describiu como China e India serían modernizadas co ferrocarril e a importación de téxtiles británicos. Marx poñía de manifesto a dinámica obxectiva do desenvolvemento capitalista e consideraba que as estruturas precedentes serían absorbidas polo avance das forzas produtivas.

Mais ao redactar *O Capital* comezou a percibir tendencias opostas. Notou que a principal potencia se modernizaba ampliando as distancias co resto do mundo. Esta aproximación afianzouse coa súa comprensión do acontecido en Irlanda. Quedou abraiado polo xeito en que a burguesía inglesa sufocaba o xurdimento de manufactureiras na illa, para garantir o predominio das súas exportacións. Fixo notar, ademais, como se fornecía de forza de traballo barata para limitar as melloras dos asalariados británicos.

Nesta análise intuía que a acumulación primitiva non anticipa procesos de puxante industrialización, nos países sometidos ao xugo colonial. Esta constatación sentou as bases para a crítica posterior ás expectativas de simple arrastre da periferia polo centro. Con este fundamento conceptualizouse posteriormente a lóxica do subdesenvolvemento.

Marx non enunciou unha teoría do colonialismo, nin unha interpretación da relación centro-periferia. Mais deixou unha semente de observacións para comprender a polarización global, que retomaron os seus sucesores e os teóricos da dependencia.

---

*Nas últimas tres décadas ampliáronse todas as fendas que empobrecen a periferia inferior.*

---

Esta liña de traballo é moi relevante para apreciar como na actualidade o neoliberalismo exacerba as fracturas globais. Nas últimas tres décadas ampliáronse todas as fendas que empobrecen a periferia inferior. Esa degradación intensificouse coa consolidación do agro-negocio, o endebedamento externo e o asoballamento dos recursos naturais dos países dependentes. Estas confiscacións asumiron modalidades moi sanguentas en África e o mundo árabe.

As observacións de Marx incluíron tamén certa constatación de diversidade no centro. Intuía que o comezo industrial británico non sería copiado por Francia e apreciou a presenza de rumbos novos de crecemento mesturados con servidume (Rusia) ou escravismo (Estados Unidos).

O autor d'*O Capital* percibiu esas tendencias madurando un cambio de paradigma conceptual. Nos seus traballos máis completos substituíu a primeira focaxe unilinear —asentado no comportamento das forzas produtivas— por unha ollada multilinear, centrada no papel transformador dos suxeitos.

Con esta última abordaxe, a ríxida cronoloxía de periferias adaptadas á modernización quedou substituída por novas visións, que recoñecen a variedade do desenvolvemento histórico.

Esta metodoloxía de análise é importante para apreciar a especificidade das formacións intermedias, que irromperon de forma persistente en distintos períodos do último século e medio. Desde esa óptica pódese avaliar a

dinámica de acelerados procesos de crecemento contemporáneo (China), en etapas de gran reorganización do sistema (neoliberalismo).

## ANTICIPOS DE ANTIIMPERIALISMO

Marx estudou a economía do capitalismo para apreciar o seu efecto sobre a loita de clases que socava o sistema. Por iso estudou os procesos políticos revolucionarios a escala internacional.

Seguiu con especial interese o curso das rebelións populares de China, India e sobre todo Irlanda e intuíu a importancia dos nexos entre as loitas nacionais e sociais. Por iso promoveu a adhesión dos obreiros británicos á revolta da illa contigua, buscando contrarrestar as divisións imperantes entre os oprimidos de ambos os países.

A partir desa experiencia Marx xa non concibiu a independencia de Irlanda como un resultado de vitorias proletarias en Inglaterra. Suxeriu unha ligazón entrambos os procesos e transformou o seu internacionalismo cosmopolita inicial nunha formulación de confluencia da resistencia anticolonial coas loitas nas economías centrais.

Na súa etapa do *Manifesto* o revolucionario alemán propagaba denuncias anticoloniais de alta voltaxe. Non se limitaba a describir a destrución das formas económicas precapitalistas. Cuestionaba a viva voz as atrocidades das grandes potencias.

Mais neses traballos xuvenís Marx supoñía que a xeneralización do capitalismo aceleraría a erradicación posterior dese sistema. Defendía un internacionalismo proletario moi básico e emparentado con vellas utopías universalistas.

Na súa ollada posterior Marx salientou o efecto positivo das revolucións na periferia. Eses trazos foron retomados polos seus discípulos de século XX, para indicar a existencia dunha contraposición entre potencias opresoras e nacións oprimidas e propugnar a converxencia de batallas nacionais e sociais. Desas caracterizacións xurdiron as estratexias de alianza dos asalariados metropolitanos cos desposuídos do mundo colonial.

*Marx salientou o efecto positivo das revolucións na periferia. Eses trazos foron retomados polos seus discípulos de século XX.*

Con este fundamento forxouse tamén a síntese do socialismo co antiimperialismo, que desenvolveron os teóricos do marxismo latinoamericano. Esa conexión levou ás converxencias da esquerda rexional co nacionalismo revolucionario, para confrontar co imperialismo estadounidense. Esa ligazón inspirou a revolución cubana e foi retomada polo proceso bolivariano.

Nunha conxuntura marcada polas agresións de Trump ese acervo de experiencias recobra importancia. Os atropelos do magnate levan a revitalizar as tradicións antiimperialistas, nomeadamente en países tan golpeados como México. Aí rexorde a memoria de resistencias aos asoballamentos perpetrados por Estados Unidos.

Marx observaba como as grandes humillacións nacionais desatan procesos revolucionarios. O que percibiu no século XIX volve gravitar na actualidade.

## ADVERSIDADES E IDEOLOXÍA

Marx debeu lidar con momentos de illamento, refluxo da loita popular e consolidación do dominio burgués. A escrita de varias partes d'O *Capital* cadrou con esas circunstancias. Afrontou a mesma adversidade que prevalece na actualidade nas conxunturas de estabilización do neoliberalismo.

Nese tipo de situacións o pensador alemán estudou como se impón a clase dominante. Conceptualizou o papel da ideoloxía no exercicio desa supremacía. No estudo do fetichismo da mercadoría que abordou n'O *Capital* hai varias referencias a esa problemática.

É importante retomar esas consideracións para apreciar como funcionou o neoliberalismo nas últimas décadas. Os artífices do modelo actual transmiten fantasías de sabedoría dos mercados e ilusións de prosperidade espontánea. Presaxian espallamento do beneficio e recrean numerosas mitoloxías do individualismo.

Con esa batería de falsas expectativas propagan unha influente ideoloxía en todos os sentidos do termo. Marx destacou esa variedade de facetas das crenzas propagadas polos dominadores para naturalizar a súa opresión.

O credo neoliberal fornece todos os argumentos utilizados polo establishment para xustificar a súa primacía. Aínda que o grao de penetración desas ideas é moi variábel, á vista está a súa incidencia na subxectividade de todos os individuos.

Mais do mesmo xeito que na época de Marx, o capitalismo reproducíase tamén a través do medo. O sistema transmite crenzas sobre un futuro venturoso e ao mesmo tempo xeneraliza o pánico ante ese devir. O neoliberalismo multiplicou especialmente a angustia do desemprego, a humillación fronte á flexibilidade laboral e a desesperanza ante a fractura social.

---

*Os medios de comunicación complementan (ou substitúen) as vellas institucións escolares, militares ou eclesiásticas no sostemento da orde burguesa.*

---

Eses temores son transmitidos polos grandes medios de comunicación con sofisticados disfraces e cambiantes enganos. Non só configuran o sentido común imperante na sociedade. Operan como medios de propagación de todos os valores conservadores.

Os medios de comunicación complementan (ou substitúen) as vellas institucións escolares, militares ou eclesiásticas no sostemento da orde burguesa. A prensa escrita, os medios audiovisuais e as redes sociais ocupan un espazo inimaxinábel en século XIX. Expanden as ilusións e os temores que sosteñen a hexemonía política do neoliberalismo.

Mais eses mecanismos quedaron seriamente erosionados pola perda de lexitimidade que xera o descontento popular. Trump, o Brexit ou o ascenso dos partidos reaccionarios en Europa ilustran como ese malestar pode ser captado pola dereita. Fronte a este tipo de situacións Marx forxou unha perdurábel tradición de concibir alternativas, combinando a resistencia coa comprensión da conxuntura.

## PROXECTO SOCIALISTA

Marx participou activamente nos movementos revolucionarios que debatían as ideas do socialismo e o comunismo. Mantivo esa intensa intervención mentres escribía *O Capital*. Nunca detallou o seu modelo de sociedade futura mais expuxo os baseamentos dese porvir.

O acérrimo crítico da opresión alentaba a xestación de réximes económicos asentados na expansión da propiedade pública. Tamén promovía a creación de sistemas políticos alicerzados na auto-administración popular.

Marx apostaba por un pronto comezo deses sistemas en Europa. Percibiu na Comuna de París un anticipo do seu proxecto. Concibía o inicio desa transformación revolucionaria no Vello Continente e imaxinaba unha propagación posterior a todo o planeta.

É sabido que a historia seguiu unha traxectoria moi diferente. O triunfo bolxevique de 1917 inaugurou a secuencia de grandes vitorias populares do século XX. Eses avances incluíron intentos de construción socialista en varias rexións da periferia.

As clases dominantes quedaron aterrorizadas e fixeron concesións insólitas para conter a fortaleza dos movementos anticapitalistas. Nos anos 70-80

os emblemas do socialismo eran tan populares que resultaba imposible dar conta de cantos partidos e movementos reivindicaban esa denominación.

Mais tamén é coñecido o ocorrido posteriormente. A caída da Unión Soviética deu lugar ao prolongado período de reacción contra o igualitarismo, que persiste até a actualidade.

---

*A chegada de Trump incorpora novos ingredientes a esta batalla. Pretende reforzar a preponderancia de Wall Street e a preeminencia do lobby petroleiro, reactivando o unilateralismo bélico.*

---

Este escenario foi alterado pola resistencia popular e o devalo do modelo político-ideolóxico que alimentou a globalización neoliberal. Nestas circunstancias a relectura d'*O Capital* converxe con redescubertas do proxecto socialista. A mocidade xa non carga cos traumas da xeración anterior, nin coas frustracións que se deron coa implosión da URSS.

A propia experiencia de loita é exemplar. Moitos activistas comprenden que a conquista da democracia efectiva e a igualdade real esixe forxar outro sistema social. Fronte ao sufrimento que ofrece o capitalismo, intúen a necesidade de construír un horizonte de emancipación.

A chegada de Trump incorpora novos ingredientes a esta batalla. O rico mandatario tenta recuperar pola forza a primacía de Estados Unidos. Pretende reforzar a preponderancia de Wall Street e a preeminencia do lobby petroleiro, reactivando o unilateralismo bélico.

Non só proclama que Estados Unidos debe alistarse para “gañar as guerras”. Xa iniciou o seu programa militarista con bombardeos en Siria e Afganistán. Esixe, ademais, unha subordinación do Vello Continente que socava



a continuidade da Unión Europea. Trump non se limita a construír o muro na fronteira mexicana. Acelera a expulsión de inmigrantes, alenta golpes dereitistas en Venezuela e ameaza a Cuba.

Nesta convulsionada conxuntura Marx recobra actualidade. Os seus textos non só achegan unha guía para comprender a economía contemporánea. Tamén ofrecen ideas para a acción política en torno a tres eixes primordiais do momento: reforzar a resistencia antiimperialista, multiplicar a batalla ideolóxica contra o neoliberalismo e afianzar a centralidade do proxecto socialista.

## **ACTITUDES E COMPROMISOS**

As teorías que introduciu Marx revolucionaron todos os parámetros da reflexión e abalaron os alicerces do pensamento social. Mais o teórico alemán sobresaíu tamén como un gran loitador. Desenvolveu un tipo de vida que actualmente identificaríamos coa militancia.

Marx situouse no bando dos oprimidos. Recoñeceu os intereses sociais en xogo e rexeitou a actitude do observador neutral. Participou de forma moi decidida na acción revolucionaria.

Ese posicionamento orientou o seu traballo cara aos problemas da clase traballadora. Promoveu a conquista de dereitos sociais coa mira posta en forxar unha sociedade liberada da explotación.

Marx propiciou unha estreita confluencia da elaboración teórica coa práctica política. Inaugurou un modelo de fusión do intelectual, o economista e o socialista que foi retomado por numerosos pensadores.

Con esa postura evitou dous desatinos: o refuxio académico afastado do compromiso político e o cegamento pragmático pola acción. Legou unha dobre mensaxe de intervención na loita e traballo intelectual para comprender a sociedade contemporánea. Continuarmos ese camiño é a mellor homenaxe aos 150 anos d'*O Capital*.

## BIBLIOGRAFÍA BÁSICA

---

- Amin, Samir (1973). *¿Cómo funciona el capitalismo?*, Siglo XXI, Bos Aires.
- Anderson, Kevin B. (2010). *Marx at the margins*, Press.
- Braverman, Harry (1980). *Trabajo y capital monopolista*, Nuestro Tiempo, México.
- Brunhoff Suzanne (1973). *La concepción monetaria de Marx*, Ediciones del siglo.
- Callinicos Alex (1999). *Social theory*, Polity Press, 1999, Gran Bretaña.
- Carchedi Guglielmo (1991) *Frontiers of political economy*, Verso.
- Dumenil Gérard, Levy Dominique (1996). *La dynamique du capital*, PUF, Paris.
- Foley D, K (1989). *Para entender El Capital*, Fondo de cultura económica, México.
- Grossman Henryk (1979). *La ley de la acumulación y el derrumbe del sistema capitalista*, Siglo XXI, México.
- Harvey, David (1982). *Los límites del capitalismo y la teoría marxista* (México DF: Fondo de Cultura Económica).
- Hilferding Rudolf (1973). *El capital financiero*, Tecnos, Madrid.
- Husson Michel (2009). *Capitalismo puro*, Maia, Madrid.
- Kohan, Néstor (1998). *Marx en su (Tercer) Mundo: hacia un socialismo no colonizado*, Biblos, Bos Aires.
- Luxemburg, Rosa (1968). *La acumulación del capital*. Editorial sin especificación, Bos Aires.
- Mandel Ernest (1978). *El capitalismo tardío*, Era, México.
- Mandel Ernest (1985). *Cien años de controversias en torno a la obra de Karl Marx*. Siglo XXI, Madrid.
- Marx, Karl (1973). *El Capital*, México, Fondo de Cultura Económica.
- Marx, Carlos (1967). *El Manifiesto Comunista*, Claridad, Bos Aires.
- Panitch, Leo; Gindin, Sam (2012). *The Making of Global Capitalism*, Verso.
- Piketty, Thomas (2013). *Le capital au XXIe siècle*.
- Rosdolsky, Román (1979). *Génesis y estructura de El Capital*, Siglo XXI, México.
- Rubin, Isaac (1985). *Ensayo sobre la teoría del valor*, Cuadernos de Pasado y Presente n° 53, México.
- Salama Pierre, Tran Hai Hac (1992), *Introduction à l'économie de Marx*, La Découverte, París.
- Shaikh, Anwar (1991). *Valor, acumulación y crisis*, Tercer Mundo Editores, Bogotá.
- Sweezy, Paul (1973). *Teoría del desarrollo capitalista*, Fondo de Cultura Económica, México.



*Dúas recreacións da sublevación popular en 1871 en Francia, que deu lugar á Comuna de París.*





*Milicias de traballadores e traballadoras durante a Revolución Rusa de outubro de 1917.*



*Manifestación posterior á entrada vitoriosa das tropas rebeldes na Habana o 1 de xaneiro de 1959.*